



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BETANZOS E A “ASOCIACIÓN CULTURAL Y DEPORTIVA CONCILIA”, PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DO 2025

EXP.: 2025/A004/000004

REUNIDOS

Dunha parte, dona María Barral Varela, DNI núm. 79311249G, alcaldesa do Concello de Betanzos, en nome e representación do concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, don Francisco Taibo del Río, DNI núm. 34888807S, na súa calidade de presidente da “Asociación Cultural y Deportiva Concilia”, con CIF nº G70595780, con domicilio nesta Cidade, Rúa Bartolomé Cossio nº3 - 4ºF, en nome e representación da dita entidade.

MANIFESTAN

- I. Que o Concello de Betanzos, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, LXS) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG), pode conceder de forma directa, as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.
- II. Que ambas partes teñen plena capacidade e lexitimidade para formalizar este convenio.
- III. Que o obxectivo deste convenio é colaborar coa “Asociación Cultural y Deportiva Concilia”, para o mantemento dos servizos e actividades desenroladas no ano 2025.
- IV. Que a entidade beneficiaria arriba referenciada ten como fins principais (segundo o artigo 5 dos seus estatutos):
 - Promover actividades, tanto culturais coma deportivas, de integración para todos os nenos de Betanzos e a súa comarca.
 - Xestionar actividades de ocio e deportivas dentro do ámbito provincial.
 - Outros calesqueira que nun futuro sexan considerados necesarios e garden relación coas intencións desta asociación.

Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organizar as seguintes actividades:

- Organización e xestión de actividades coma: Atletismo, xadrez, arte e pintura, taekwondo, baloncesto, xogos predeportivos, ximnasia rítmica, guitarra, voliebol, psicomotricidade, baile, fútbol sala, patinaxe, teatro, alimentación saudable, cociña, tenis, ping pong, etc.
 - Organización de todo tipo de eventos coma: talleres, conferencias, campamentos... relacionados cos fins da asociación.
- V. Que ante o interese coincidente, as dúas partes acordan formalizar e asinar este convenio de colaboración que se axustará ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 22.2 a) da LXS, (artigo 19.4 a) LSG) establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

SEGUNDA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración para a concesión dunha subvención nominativa por parte do Concello de Betanzos á “Asociación Cultural y Deportiva Concilia”. O obxecto desta subvención é a colaboración entre o Concello de Betanzos e a “Asociación Cultural y Deportiva Concilia” para a posta en marcha de diferentes obxectivos e actividades que van dende asistencia aos pais e titores en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e pupilos, colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro, fomentar as relacións de cooperación. En canto ás actividades extraescolares propiamente ditas, esta asociación promove, ademais, valores que considera moi importantes dentro da formación dos alumnos/as deste colexio como son a diversión, amizade e compañeirismo, xogo limpo, respecto cara aos demais, respecto polas regras, materiais, instalacións e a socialización e traballo en equipo.

O período de vixencia do presente convenio abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro do 2025.

TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Betanzos comprométese a destinar a cantidade máxima de 11.000,00 euros no orzamento do ano 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 326.482.00. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos que orixine a realización das actividades sinaladas no proxecto presentado pola “Asociación Cultural y Deportiva Concilia”.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 11.000,00 euros, realizadas dende o 1 de xaneiro ata o 15 de decembro de 2025.

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Serán subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nestas bases reguladoras. Tendo en conta que en ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- a) Os intereses debedores de contas bancarias.
- b) Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

- c) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- d) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- e) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro. Non obstante, mediante a firma do presente convenio a "Asociación Cultural y Deportiva Concilia" autoriza ao Concello de Betanzos a realizar as comprobacións oportunas ante as citadas administracións, de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da LXS (art. 10.2 LSG).
- g) Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas do beneficiario:

- a) Levar a cabo a totalidade das actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.
- b) Lucir o logotipo do Concello de Betanzos e facer constar a cooperación do concello en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- c) A "Asociación Cultural y Deportiva Concilia" asume as obrigas derivadas da promoción e dinamización das actividades.
- d) Cumprir coas obrigas que se establecen nas bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento do importe total do convenio farase no momento no que se xustifique debidamente o cumprimento total da finalidade do presente convenio.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.

O beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo no prazo de tres meses dende o momento de finalización das actividades obxecto da subvención concedida. En todo caso, antes do 15 de decembro do ano 2025.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

- a) Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades. Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Betanzos en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, vídeos, CD's, etc).
- b) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- c) Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- d) Orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustifícaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas). Así como xuntar a xustificación do pagamento dos devanditos gastos.
- e) Declaración xurada ou certificacións (artigo 24 Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións; en diante RLXS) de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Betanzos, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro. No caso de que se autorice ao Concello, éste efectuará esta comprobación de oficio.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no mesmo prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que levará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante acordo do órgano competente acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

DÉCIMA. COMISIÓN SEGUIMIENTO

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correobetanzos.net

xurdir sobre do mesmo. Esta Comisión estará composta en representación do Concello de Betanzos polo/a concelleiro/a delegado/a da área (quen poderá delegar no funcionario dese área que estime oportuno), e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

UNDÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seg. da LXS e artigos 41 e seg. da LSG, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

O reintegro da subvención procede e regúlase segundo o recollido nos artigos 37 e seg. da LXS (artigos 32 a 40 da LSG) e o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.

Con respecto ao réxime de infraccións e sancións, éste aparece regulado no título IV da LXS e LSG. Sendo o procedemento sancionador regulado no título IV do RLXS e título VI do "Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvencións de Galicia." Sendo reguladas no artigo 13 a 18 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos, as infraccións e sancións.

DUODÉCIMA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase suplementoriamente a LXS, o RLXS, a LSG e as Bases de execución do orzamento do ano 2025.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio.

A Alcaldesa

Asdo.: María Barral Varela

O representante do ente beneficiario

Asdo.: Francisco Taibo del Río